



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES A SANGRIÑA

Paseo de Portugal, 21 Telef. 886 11 00 60 FAX: 886 11 00 66 36780 A GUARDA
Correo-E ies.sangrina@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/iesasangrina



Estimadas familias:

Xa podedes solicitar a participación no **FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO** (préstamo de libros) e **AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR** (vales de material) **para o alumnado da ESO.**

As solicitudes podedes recollelas en conserxería e, unha vez cubertas, debeses presentalas coa documentación necesaria na secretaría do centro.

As solicitudes tamén poderán presentarse por vía electrónica empregando a aplicación informática “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES

Do 20 DE MAIO ao 19 de XUÑO de 2020

O alumnado que repita 4º da ESO e aquel que non obteña praza en formación profesional básica no curso 2020/21 e formalice a matrícula no curso da ESO que lle corresponda, cando non presentase solicitude de participación no fondo solidario nin de axuda para adquirir material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo dun mes desde a formalización da matrícula.

Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2020/21, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2019/20. Este centro rexistrará a solicitude de maneira que acredite a súa entrada en prazo e enviaraa ao centro de destino en que o alumno resulte admitido, que será o encargado da súa gravación e tramitación.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE LIBROS PROCEDENTES DO FONDO SOLIDARIO

1. Devolver os libros de texto recibidos do fondo solidario no curso 2019/20.

A falta de devolución dos libros de texto, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir material escolar no curso 2020/21.

2. **Conservar en bo estado os libros de texto** e devovelos ao rematar o curso, en xuño ou setembro, segundo o caso.

3. Destinar o **importe do vale para material** a adquirir o material escolar que necesite.

4. É imprescindible traer o **xustificante de entrega** o día da devolución dos libros de texto.

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO

CURSO E DÍA	GRUPO E HORA
1º ESO, luns 22 de xuño	A: 10:00 – 11:00
	B: 11:00 – 12:00
	C: 12:00 – 13:00
2º ESO, martes 23 de xuño	A: 10:00 – 11:00
	B: 11:00 – 12:00
	C: 12:00 – 13:00
3º ESO, mércores 24 de xuño	A: 10:00 – 11:00
	B: 11:00 – 12:00
	C: 12:00 – 13:00
4º ESO, xoves 25 de xuño	A: 10:00 – 11:00
	B: 11:00 – 12:00
	C: 12:00 – 13:00

O alumnado da ESO deberá devolver os libros de texto ao centro para a súa incorporación ao fondo solidario para o curso 2020/21 nos días e no horario indicados anteriormente, **agás o alumnado que teña algunha materia pendente, que poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine en setembro (2020).**

Atentamente,
O equipo directivo

A Guarda, 20 de maio de 2020